



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0491	Sistemas de xestión empresarial	2024/2025	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN LUIS MIGUÉNS RAMOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes (ERP-CRM), recoñece as súas características e verifica a configuración do sistema informático.
RA2 - Implanta sistemas ERP-CRM, para o que interpreta a documentación técnica e identifica as opcións e os módulos.
RA3 - Realiza operacións de xestión e consulta da información seguindo as especificacións de deseño e utilizando as ferramentas proporcionadas polos sistemas ERP-CRM.
RA4 - Adapta sistemas ERP-CRM, para o que identifica os requisitos dun suposto empresarial e utiliza as ferramentas proporcionadas por eles.
RA5 - Desenvolve compoñentes para un sistema ERP-CRM, para o que analiza e utiliza a linguaxe de programación incorporada.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Recoñecéronse os sistemas ERP-CRM máis empregados na actualidade.
CA1.2 Comparáronse sistemas ERP-CRM en función das súas características e dos seus requisitos.
CA1.3 Identificouse o sistema operativo acaído para cada sistema ERP-CRM.
CA1.4 Identificáronse a linguaxe de desenvolvemento e o sistema xestor de datos empregado por cada sistema ERP-CRM.
CA1.5 Verificáronse as configuracións do sistema operativo e do xestor de datos para garantir a funcionalidade do ERP-CRM.
CA1.6 Documentáronse as operacións realizadas.
CA1.7 Documentáronse as incidencias producidas durante o proceso.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Identificáronse os tipos de licenza.
CA2.2 Identificáronse os módulos que compoñen o ERP-CRM.
CA2.8 Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias.
CA3.6 Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias observadas.
CA4.1 Identificáronse as posibilidades de adaptación do ERP-CRM.
CA4.8 Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias observadas.
CA5.1 Recoñecéronse as sentenzas da linguaxe propia do sistema ERP-CRM.
CA5.6 Documentáronse todos os compoñentes creados ou modificados.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Implanta sistemas ERP-CRM, para o que interpreta a documentación técnica e identifica as opcións e os módulos.
RA3 - Realiza operacións de xestión e consulta da información seguindo as especificacións de deseño e utilizando as ferramentas proporcionadas polos sistemas ERP-CRM.
RA4 - Adapta sistemas ERP-CRM, para o que identifica os requisitos dun suposto empresarial e utiliza as ferramentas proporcionadas por eles.
RA5 - Desenvolve compoñentes para un sistema ERP-CRM, para o que analiza e utiliza a linguaxe de programación incorporada.



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Realizáronse instalacións monoposto.
CA2.4 Realizáronse instalacións cliente/servidor.
CA2.5 Configuráronse os módulos instalados.
CA2.6 Realizáronse instalacións adaptadas ás necesidades formuladas en diferentes supostos.
CA2.7 Verificouse o funcionamento do ERP-CRM.
CA3.1 Utilizáronse ferramentas e linguaxes de consulta e manipulación de datos proporcionados polos sistemas ERP-CRM.
CA3.2 Xeráronse formularios.
CA3.3 Xeráronse informes.
CA3.4 Exportáronse datos e informes.
CA3.5 Automatizáronse as extraccións de datos mediante procesos.
CA4.2 Adaptáronse definicións de campos, táboas e vistas da base de datos do ERP-CRM.
CA4.3 Adaptáronse consultas.
CA4.4 Adaptáronse interfaces de entrada de datos e de procesos.
CA4.5 Personalizáronse informes.
CA4.6 Adaptáronse procedementos almacenados de servidor.
CA4.7 Realizáronse probas das adaptacións realizadas no ERP-CRM.



Criterios de avaliación do currículo

CA5.2 Utilizáronse os elementos de programación da linguaxe para crear compoñentes de manipulación de datos.

CA5.3 Modificáronse compoñentes de software para lle engadir funcionalidade nova ao sistema.

CA5.4 Integráronse os novos compoñentes de software no sistema ERP-CRM.

CA5.5 Verificouse o correcto funcionamento dos compoñentes creados.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba dividida en dúas partes, que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación.

A cualificación final correspondente da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, sendo necesario para poder facer media obter un mínimo de 5 sobre 10 en cada unha das probas. No caso das persoas aspirantes que suspendan algunha das dúas partes da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba terá carácter eliminatorio e constará na realización dunha proba escrita (papel ou aula virtual do IES) sobre os contidos dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A proba consistirá nunha serie de preguntas tipo test, cuestións curtas e/ou cuestións de resposta longa. As preguntas tipo test, que se resposten de xeito incorrecto, descontarán a metade do seu valor. As preguntas non respondidas non terán ningún valor, nin positivo nin negativo. A puntuación de cada pregunta de resposta escrita, indicárase na proba.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, cun só decimal.

Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos



No caso de probas escritas en papel, debrase usar bolígrafo de cor negra ou azul. Non será corrixido ningún exercicio que se realice utilizando ferramentas diferentes ás indicadas. Non se permitirán tintas nin fluídos correctores e tampouco será corrixido ningún exercicio feito a lapis.

Excluírase ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas indicadas. Neste caso, o profesorado do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

A persoa aspirante deberá identificar claramente a súa proba, en caso contrario non se correxirá.

Queda totalmente prohibido o acceso a recursos de internet, emprego de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico, debendo estar en todo momento totalmente apagados e nunca visibles.

4.b) Segunda parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá na resolución de distintas cuestións nun ou varios supostos prácticos nun equipo informático. Para a realización de supostos no equipo local, os sistemas informáticos serán virtualizados mediante a ferramenta de virtualización Oracle VM VirtualBox. Os aspirantes deben ser quen de montar e por en marcha as máquinas virtuais que se lle indiquen, nunha contorna Windows e/ou GNU Linux, cumprindo cuns determinados requirimentos, para dar resposta ás cuestións propostas na proba.

O alumnado disporá de todo o material necesario para a realización da proba, estando prohibido o uso de calquera tipo de dispositivo e/ou material didáctico ou de consulta non facilitado polo profesorado.

A persoa aspirante deberá identificar claramente a súa proba, en caso contrario non se correxirá.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, cun só decimal. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Excluíranse ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas indicadas. Neste caso, o profesorado do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.